

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE PUBLICA A LISTAXE DEFINITIVA DE SOLICITUDES CONCEDIDAS E DENEGADAS PARA ORGANIZAR OS OBRADOIROS DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA DURANTE O PRIMEIRO CUADRIMESTRE DO CURSO 2023/2024 NO CAMPUS DE PONTEVEDRA

Por Resolución reitoral do 4 de setembro de 2023 publicouse a listaxe provisoria de axudas concedidas e denegadas para a organización de obradoiros de extensión universitaria da Universidade de Vigo no primeiro cuadrimestre do curso académico 2023/2024, no campus de Pontevedra.

Transcorrido o prazo establecido para emendar erros, achegar documentación requirida ou presentar alegacións, esta reitoría **RESOLVE**:

Primeiro. Aprobar e publicar a listaxe definitiva de axudas concedidas e denegadas para a organización de obradoiros de extensión universitaria da Universidade de Vigo no primeiro cuadrimestre do curso 2023/2024 no campus de Pontevedra (Anexo I).

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Pontevedra, na data da súa sinatura electrónica

O reitor

Por delegación (R.R. do 22/06/2022, D.O.G. do 6 de xullo)

A vicerreitora do campus de Pontevedra

Eva María Lantarón Caeiro



ANEXO I

Lista definitiva de solicitudes concedidas:

Titulo do obradoiro	Persoa encargada da dirección do obradoiro	Importe concedido
Comunícate coas mans. Lingua e cultura da comunidade xorda	Ana María Fernández Soneira	1.000,00€
Iniciación da escalada en rocódromo	Águeda Gutiérrez Sánchez e Diego Alonso Fernández	1.500,00€
Punch Needle & Tufting gun	Marcos Alberto Covelo Pérez	1.500,00€
Técnica fotográfica	María del Mar Rodríguez Caldas	1.500,00€
Identificación de cogomelos. Nivel I	Paula Estévez Caride	1.500,00€
Creación, paisaxe e xénero	Iria Vázquez López	1.500,00€
Iniciación á marcha nórdica	Rodolfo Iván Martínez Lemos	1.500,00€

Lista definitiva de solicitudes denegadas:

Titulo do obradoiro	Persoa encargada da dirección do obradoiro	Motivo denegación
Visión & Composición fotográfica	María del Mar Rodríguez Caldas	Xa foi aprobada outra proposta con temática similar.
Identificación de cogomelos. Nivel II	Mauro Rivas Ferreiro	Xa foi aprobada outra proposta con temática similar.

